

## DEPARTAMENTO DE FRANCÉS DO IES PLURILINGÜE DE AMES

### ADDENDA À PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO CURSO ACADÉMICO 2021-2022

Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia ( DOG 11/02/2022)

#### AVALIACIÓN FINAL DE CURSO 2021-2022 EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA.

Atendendo ao carácter progresivo e continuo da materia o alumno que teña a terceira avaliación superada considérase coa materia aprobada.

Durante o periodo comprendido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final, o alumnado coa materia aprobada fará actividades de consolidación dos contidos adquiridos que lle faciliten un mellor rendemento no curso seguinte.

Aqueles alumnos que o desexen poderán subir un punto na súa nota final facendo un traballo voluntario sempre e cando a nota obtida nese traballo sexa igual ou superior a 0,7 puntos.

Durante o periodo comprendido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final, o alumnado que obtivera una nota inferior a 5 e que consecuentemente terá que superar a materia, deberá realizar actividades de reforzo e repaso como preparación para unha proba de recuperación que constará de varias preguntas baseadas nos contidos mínimos esixidos para o nivel correspondente. As cuestións de dita proba cubrirán os contidos referentes ao coñecemento da lingua ( gramática e vocabulario)

#### AVALIACIÓN FINAL DE CURSO 2021-2022 PRIMEIRO BACHARELATO.

O alumnado que obtivera unha nota inferior a 5 terá dereito a realizar unha proba extraordinaria.O periodo comprendido entre a realización da avaliación final ordinaria ata o remate do periodo lectivo adicarase á preparación e á realización da devandita proba,que cubriría os contidos referentes à comprensión-expresión escrita e ao coñecemento da lingua(gramática e vocabulario)